

A CULTURA É UN DEREITO

.....
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS
.....

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

INTERVALO DE CONFIANZA AV

JUAN

Intervalo de confianza é un proposta visual e sonora de cinema expandido coa paisaxe como protagonista. Bastos territorios naturais e agrícolas preséntase como un corpo anatómico observado desde a distancia. Unha paisaxe natural e modelada pola acción humana, puro asombro visual, sublime e abstracto ás veces, outras estraño e afastado. Esta proposta de vídeo en directo pretende redefinir o concepto de paisaxe sen renunciar a unha mirada crítica sobre as relacións de poder e a economía dun mundo globalizado: escaseza de auga, desertificación e explotación de recursos, para repensar nas pregaduras da realidade e ficcionalizar un futuro posible. Campos de cultivo, cadeas montañosas, paisaxes frondosas, humidais e terras que escapan ao ollo humano, en planos case estáticos e en diferentes momentos do ano, para situar ao espectador nun escenario novo, como nunha pintura. O apartado sonoro dialogará coas imaxes a partir dunha serie de composicións musicais inéditas que transitan entre o ambient, a música experimental e o IDM.